

PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS DE NOVELA CURTA

8ª edición - 2023

Coa finalidade de estimular a creación literaria, fomentar a lectura en lingua galega e proporcionarlle a nenos e nenas, adolescentes e público en xeral obras de calidade que lles permitan achegarse ao engaiolante mundo da novela, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca o

**PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS DE
NOVELA CURTA**



BASES

- 1.- Poderán participar todas as persoas que o desexen, con textos inéditos escritos en lingua galega destinados ao público infantil e xuvenil.
- 2.- Enviaranse 3 exemplares dos traballos á sede da Fundación Xosé Neira Vilas: 36587 Gres, Vila de Cruces (Pontevedra). Levarán un título. En sobre pechado aparte, deberá consignarse por fóra o mesmo título e, dentro, o nome e apelidos do autor ou autora, enderezo e teléfono.
- 3.- Os traballos terán un mínimo de 50 páxinas e un máximo de 150, mecanografados en letra “Times New Roma”, corpo 12 e dobre espazo.
- 4.- O prazo de recepción de orixinais remata o 9 de outubro de 2023.
- 5.- O premio entregarase o 3 de novembro de 2023, coincidindo co aniversario do nacemento de Xosé Neira Vilas e Día da Lectura.
- 6.- O “Premio Xosé Neira Vilas de novela curta” ten unha dotación económica de 1.000 euros, estando suxeito ás correspondentes obrigas tributarias. Publicarase a obra galardoada.
- 7.- Os orixinais non premiados poderán ser retirados polos respectivos autores no prazo de 30 días contados a partir da entrega do premio.
- 8.- O xurado poderá declarar deserto o premio e o seu ditame será inapelable.
- 9.- A participación no “Premio Xosé Neira Vilas de novela curta” supón a aceptación das súas bases.